

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
CURSO 2019-2020
DO DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA
IES Nº 1 DE RIBEIRA

Instrución do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Provisional e Innovación educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019-2020 nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do terceiro trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación).
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Valores éticos 1º da ESO: Comprender a crise da identidade persoal na adolescencia, xustificar a importancia da razón, comprender a función da intelixencia emocional, coñecer a natureza social e diferenciar os ámbitos privado e público, fundamentar os dereitos humanos na dignidade da persoa.

Valores éticos 2º da ESO: construír o concepto de persoa, diferenciar ética de moral, comprender a relación entre ética e política, recoñecer a importancia da dimensión moral da ciencia e comprender a importancia de establecer límites éticos e xurídicos.

Valores éticos 3º da ESO: xustificar racionalmente os principios éticos, relacionar a Constitución española coas Declaracións de Dereitos, coñecer o Estatuto de Autonomía de Galicia, comprender a relación entre ética e política e o desenvolvemento histórico dos dereitos fundamentais.

Valores éticos 4º da ESO: relacionar a dignidade persoal coas Declaracións de Dereitos, explicar o proceso de socialización, diferenciar diferentes teorías éticas e explicar o fundamento e funcionamento da democracia.

Filosofía 4º da ESO: coñecer a orixe, a natureza e funcións da filosofía, diferenciar filosofía e ciencia, entender as teorías de Platón e Aristóteles sobre a natureza humana, comprender as achegas da ciencia para entender a natureza humana, coñecer os fundamentos, principios e teorías máis importantes sobre a epistemoloxía e a ontoloxía.

Antropoloxía 1º Bacharelato: coñecer os métodos e as especialidades da antropoloxía, establecer a liña filoxenética humana, coñecer os períodos da evolución socio-cultural, analizar a diversidade humana e comprender a relación entre intelixencia, cerebro e proceso evolutivo.

Filosofía 1º Bacharelato: coñecer a orixe, natureza e funcións da filosofía como saber racional e a diferenza coa ciencia, entender as achegas máis importantes da ciencia e da filosofía para comprender a natureza humana, coñecer os fundamentos, problemas e natureza das teorías epistemolóxicas e ontolóxicas máis importantes, explicar a natureza, metodoloxía e clasificación da ciencia e coñecer os fundamentos da lóxica de enunciados.

Psicoloxía 2º Bacharelato: entender e explicar a psicoloxía como ciencia, explicar a evolución do cerebro humano, coñecer as teoría fundamentais sobre as funcións cognitivas superiores, coñecer as principais teorías sobre a aprendizaxe, coñecer os fundamentos da psicoloxía de masas e coñecer o fundamento, procedementos e métodos da investigación experimental en psicoloxía.

Ética e filosofía do dereito 2º de Bacharelato: entender a especificidade da moralidade, comprender as perspectivas obxectivistas e subxectivistas sobre os valores morais, explicar as principais teorías sobre a xustiza, comprender a relación entre a ética e o dereito e identificar os principios e teorías fundamentais sobre a democracia.

Historia da filosofía 2º de Bacharelato: coñecer a filosofía grega, especialmente os dous grandes sistemas de Platón e Aristóteles, coñecer as relacións entre filosofía e cristianismo e as relacións entre razón e fe na filosofía cristián, coñecer a importancia do método na filosofía de Descartes, coñecer a crítica empirista á idea de sustancia e ao principio de causalidade, coñecer a síntese Kantiana de racionalismo e empirismo, os límites do coñecemento en Kant e a súa ética formal.

2. Criterios de cualificación

2.1. Cualificación final (ordinaria de xuño)

A cualificación na avaliación ordinaria de xuño responderá ao seguinte procedemento:

- a) Realizarase unha media aritmética das cualificacións das dúas primeiras avaliacións.
- b) A nota anterior se lle engadirá a cualificación obtida polas tarefas presentadas na terceira avaliación. Esta cualificación poderá chegar ata un máximo de 2 puntos.
- c) A cualificación final será o resultado de suma da nota do apartado a) coa nota do apartado b). Cando o resultado da suma sexa un número que teñan na posición das décimas unha cifra igual ou superior a 5, a nota será a seguinte a da cifra das unidades.

As tarefas realizadas durante a terceira avaliación servirán para recuperar as avaliacións suspensas. Unha vez realizadas as tarefas de recuperación o procedemento para a cualificación ordinaria de xuño é o descrito anteriormente.

2.2. Proba extraordinaria de setembro

Para obter avaliación positiva na avaliación extraordinaria os alumnos deben obter un mínimo de cinco puntos –aplicando unha escala de 0 a 10– na proba que a tal efecto se realizará no mes de setembro. Nesta proba avaliarase a aprendizaxe dos contidos das unidades didácticas desenvolvidas nas dúas primeiras avaliacións e aplicaranse os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe e os mínimos esixibles que están recollidos neste documento.

2.3. Alumnado con materias pendentes

Non hai alumnado con materias pendentes

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso ampliación)

3.1. Actividades:

Busca e análise de información, exposición argumentada, comentarios e pequenos traballos de investigación. Ofrecerase a alumnado diversas opcións para que poida recuperar ou profundar nos contidos mínimos das avaliacións anteriores.

3.2. Metodoloxía (alumnado con e sen conectividade)

Para a proposta de tarefas e a súa realización empregarase a aula virtual, o correo electrónico e a páxina web do centro. Se é posible poderanse realizar clases virtuais a través da aplicación cisco webmix. Para o alumnado que non ten conectividade empregaranse os medios de contacto que o centro poña a nosa disposición.

4. Información e publicidade

4.1. Información ao alumnado e as familias

A través da páxina web do centro, empregando a aula virtual, correo electrónico ou a través de Tokapp. Se fose preciso, calquera outro medio que o centro poña a disposición do profesorado.

4.2. Publicidade

Publicación na páxina web do centro e na aula virtual.